



Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Espíñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal



XIV CONCURSO LITERARIO DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

Rosalía de Castro

**"Mais ve que meu corazón
é unha rosa de cen follas
e é cada folla unha pena
que vive apegada noutra..."**



ROSA DE CEN FOLLAS

BASES XIV CONCURSO LITERARIO

DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA: ROSA DE CEN FOLLAS

PRIMEIRA.

Poderán optar ao premio todos os autores e autoras de calquera nacionalidade, que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade, escritas en lingua galega. Os autores e autoras que teñan recibido xa o premio nunha modalidade non poderán presentarse a esa mesma modalidade nas tres seguintes convocatorias. Pasado ese tempo poderán concorrer con toda normalidade.

SEGUNDA.

Establécese un premio de 250 € para a modalidade de poesía e outro de igual contía para a modalidade de narrativa.

O Colexio poderá publicar as obras premiadas na páxina web e noutras publicacións de divulgación do Colexio, sen que iso interfira cos dereitos de autor da persoa gañadora.

TERCEIRA.

As obras, que serán de tema libre, deberán presentarse á modalidade de poesía ou á modalidade de narrativa, e terán unha extensión máxima de dúas páxinas con letra Times New Roman tamaño 12 e entreliñado de 1,5.

As obras presentaranse baixo un título e un lema, no que conste o título e o lema que figurarán na obra, así como a modalidade á que se presenta, e no corpo do correo electrónico para poder garantir o anonimato para o xurado debe figurar o nome e apelidos do autor ou autora, o seu enderezo, número de teléfono e correo electrónico.

Garantírase que o xurado só teña acceso ás obras, quedando baixo a custodia do COPG e coa prohibición expresa de dar traslado dos datos identificativos dos/as autores/as ata que o xurado decida os/as gañadores/as.

CUARTA.

O prazo de admisión remata o **31 de maio de 2022**, e deberán enviarse ao correo electrónico do Colexio: copgalicia@copgalicia.gal indicando no Asunto do correo electrónico “PREMIO ROSA DE CEN FOLLAS”, e a modalidade á que se presenta, narrativa ou poesía.

QUINTA.

O xurado estará presidido pola decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, e formarán parte del: a coordinadora da Comisión de Cultura, e dúas persoas de recoñecido prestixio no ámbito das nosas letras.

SEXTA.

As persoas participantes terán a obriga de comunicar ao Colexio a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento no que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do concurso. O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, sendo necesaria a asistencia dos dous terzos dos seus membros. As deliberacións serán segredas e delas redactarase a acta correspondente. O xurado poderá declarar desertos os premios no caso de que as obras non reúnan a calidade ou os requisitos esixidos. A decisión do xurado será comunicada ás persoas gañadoras do concurso e posteriormente, darase a coñecer nos distintos medios de comunicación.

SÉTIMA.

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

CONCURSO LITERARIO DO COPG ROSA DE CEN FOLLAS

Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos infórmase á persoa interesada do seguinte:

Responsable: Identidade: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

CIF: Q1500265B

Enderezo: Espiñeira, 10-Baixo, 15706, Santiago de Compostela, A Coruña. Teléfono: 981 534 049. Email: copgalicia@copgalicia.gal. Delegada de Protección de Datos: Cecilia Barros Díaz. Contacto Delegada de Protección de Datos: dpo@protexdat.com

Finalidades: Xestión e control das obras presentadas no XIV Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, así como todas as obrigas derivadas do mesmo. Non se coñecerán as persoas “aspirantes” ata o momento en que o xurado decida a outorgación dos premios.

Léxitimación: RGPD: Art. 6.1. Consentimento da persoa interesada, execución dun contrato. LO 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Colectivo: Persoas físicas que desexen participar no concurso segundo as bases especificadas no mesmo.

Categorías de datos: Datos identificativos, transaccións de bens e servizos, só tras o momento da decisión do xurado. Antes só se accederá por parte do xurado ao título e ao lema e en todo caso ao “alias” do/a autor/a, que non poderá coincidir co seu nome real.

Cesións: Non se cederán os datos a terceiros, salvo o seu consentimento expreso ou as excepcións previstas pola normativa vixente, por exemplo, Axencia Tributaria ou existencia de empresas ás que a entidade encomende a xestión dalgún dos tratamentos. Os datos das persoas gañadoras faranse públicos na páxina web do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, así como en redes sociais do mesmo.

Dereitos: Acceso, rectificación, supresión e dereito ao olvido, limitación do tratamento, portabilidade, oposición, reclamación ante a AEPD e non ser obxecto de elaboración de perfís. Dereito a revocar o consentimento prestado.

Máis información: Pode consultar máis información no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.